

# Ideas+

## Literatura infantil

*Familias, Familias, Familias!* Suzanne Lang e Max Lang

*Mi Dos Mamás y Yo.* Lesléa Newman

*Rey y Rey.* Linda de Haan e Stern Nijland

## Literatura xuvenil

*George.* Alex Gino

*Yo, Simon, Homo Sapiens.* Becky Albertalli

*Todo Me Lleva a Ti.* Nina LaCour

## Literatura adulta

*Nom estamos quebrades.* Nee Barros

*Avelaíñas eléctricas.* Sica Romero

*Feitas ao sisel.* Diana Kurich

## Películas

*Dolores guapa!* Jesús Pascual 2021

*Te estoy amando locamente.* Alejandro Marín 2023

*Toll.* Carolina Markowicz 2023.

## Series

*Pose.* Ryan Murphy, Brad Falchuk, Steven Canals, 2018

*Maricón perdido.* Bob Pop 2021

*Veneno.* Javier Ambrossi e Javier Calvo, 2020


## Curtas

*No binario.* Afiooco 2020

*Espejismos.* Alfonso Palazón 2022

*Habitar.* Anxos Fazáns 2023

#seresentir  
seresentir.gal



# liberdade de ser e sentir!

28 de xuño  
día da diversidade sexual

#seresentir  
seresentir.gal



Deputación  
DA CORUÑA



## Preámbulo sobre a campaña

Desde a Deputación da Coruña e en colaboración cos concellos, entidades sociais, empresariais e educativas impúlsase, con motivo da conmemoración do 28 de xuño, Día da Diversidade Sexual, a campaña de sensibilización "LIBERDADE DE SER E SENTIR!" un traballo colaborado e participado co obxectivo de visibilizar a importancia da tolerancia e a igualdade das persoas, independentemente da súa orientación sexual e identidade de xénero e co propósito de normalizar e sensibilizar a sociedade sobre as diversidades sexuais da que poden formar parte todos os/as axentes sociais.

É unha campaña aberta e viva, en constante cambio ano tras ano, que anualmente pon a disposición das entidades: obradoiros, recursos didácticos, actividades artísticas e culturais, etc. e que se deixá a modo de repositorio na propia web Seresentir.gal.

A campaña procura crear sinerxías na comunidade para difundir estes recursos e poder traballar desde o territorio coa veciñanza para que teña o maior alcance social posible e promover a difusión e concienciación da diversidade sexual.

Nas redes podedes atopala co cancelo #seresentir.

## Sabías que...?

O Día Internacional da Diversidade Sexual, ten como referencia histórica o que aconteceu na revolta de Stonewall de 1969 en Nova York, na que anos de loita e reivindicación a prol dos dereitos das persoas LGBTI+ se traduciron en resistencia á discriminación policial, o que marcou o que se considera o inicio do movemento na defensa dos dereitos das persoas LGBTI+.

Un ano despois, a primeira marcha do Orgullo percorría as rúas que foran testemuña dese acto de liberación. Era o 28 de xuño de 1970.

Noutros países do mundo, o movemento na defensa dos dereitos das persoas LGBTI+ xurdira e consolidárarse xa antes dos disturbios de Stonewall, mais esa conmemoración é o nexo de unión para unhas mobilizaciós que se realizan en distintas latitudes. Desde entón, a loita polos dereitos das persoas LGBTI+ sumou apoios e logros desde o punto de vista social e lexislativo.

Segue habendo unha parte da sociedade que nega o dereito a vivir libres e iguais e que anhela os tempos en que non se nos permitía ser quen somos, en que se nos negaban os dereitos e as liberdades que hoxe temos, que imos construíndo colectivamente.

Nesa construcción ten especial valor ollar para Galiza e recoñecer os fitos e as pegadas dunha disidencia sexual que se teceu xunto cos nosos trazados urbanos e rurais da Coruña onde moitos colectivos levan décadas sendo concellos de acollida, ademais do forno en que se xestaron moitas das reivindicacións transformadoras que antecederon os dereitos dos que gozamos hoxe. Somos unha sociedade diversa, concellos e entidades sociais diversas. Porque a memoria das que viñeron por tras e das súas pegadas é unha ferramenta necesaria para avanzar na igualdade e nos valores